

Retall de premsa digital
diari: Vieiros
2 d'octubre de 2006.

EXPOSICIÓN NO Espai VolART: 'TEMPS DE SIBIL.LES'

Vaticinadoras de antano e hogano

[02/10/2006 16:08] As sibilas, mulleres taumaturgas, profetizan dentro do espazo mítico-relixioso, o oráculo cúmprese e os tempos tremen polos resultados. Entón as mulleres, sibilas de vida, crean os vieiros para atallar os desastres, para coutar a destrución. Tal pode ser o resumo das propostas que o escultor Josep Maria Camí presenta no *Espai VolART*, da *Fundació Vila Casas*. Os sons da denuncia reflexiva, os materiais conxugados en feminino, as texturas da mitoloxía profana percorren o libro escultórico, premonitorio. Por **Lito Caramés**.



Josep María Camí xoga connosco e coa historia da arte. Nun conxunto de vinte esculturas, mestura ferros, madeiras, ósos, casca de ovo, teas, etc. para agoirar o visible e o que se agocha, a laicidade e o espazo sacro, o coñecemento e a ignorancia. Dualidades reveladoras. O traballo tallador arranca, curiosamente, da análise do cadro "*Sibilas Samia, frigia*

y Cumaea" (Soreda, s. XVI) e segue a liña das sibilas da *Capela Sistina* e da recomendación de *Miquelangelo Buonarrotti*: "deixade falar á pedra".

A exposición organízase en tres partes. *Sibil-les d'altres temps* é a primeira e a profecía, cantada nos libros (*Dies Irae*), xorde ambigua. Tal acontece cos textos que gardan os augurios, pechados e precintados (caixas de Pandora?), como non querendo saber o que acontecerá, ou coa dona que se mostra e se oculta na fiestra; unha figura maia? (*Henri Moore* -agora en CaixaForum- tamén entroidaba coas imaxes desta cultura). Logo, *Els signes dels temps*. Os vaticinios cúmprese: a guerra, a dor, os ataques ao medio ambiente. No medio da serie, as revistas para o diálago -predición liberalizadora- oprimidas por unha prensa de pedra, e un réquiem por Mesopotamia-Irak. Por último, *Oracles dels nostres temps* apunta ao mañá e homenaxea a mulleres de hoxe. Once medallóns -iconostasio laico- lembran as mulleres que recibiron o premio Nobel da Paz. Fronte á destrución, a loita pola vida.

A música dos materiais leva melodías de *Violeta Parra*, e cantautores. As variadas madeiras soportan o significado da predición, remiten á caixa-ataúde, continentes de vida e morte.

As intencións da exposición -crítica, meditación, homenaxe-sintetízanse moi ben (ao meu parecer) en tres obras do último bloque. A voz tronante que sae de *l'Oracle d'Aung San Suu Kyi*, un gong baleiro, o libro que non fala. En troques, a voz desta muller miúda, presa, ergue colosal, presaxio presencial. O mapa mudo de África, *l'Oracle de Wangari Maathai*, a muller de mans fértiles, é unha mesa de deserta inanición, libro sen riñcar. A proxección de *Peters* sobre ese continente non fai senón axudar a espir máis a inmensidade da madeira. Nun recuncho -coma as árbores de Maathai- rebrota a vida. Os ventres orfos, *l'Oracle de las Madres de Mayo*, confeccionados en roupa branca e torturados polas ditaduras de América do Sur preñan o símbolo rebelde, a

letra nos panos da cabeza. Las Madres de la Plaza de Mayo son ventres espidos, *manu militari*, que na tortura e entre tanta destrución resisten, na tiranía do silencio sobreviven.

Camí fai unha interpretación escultórica dos tempos das sibilas, todos os tempos. E faino desde fóra, extra-xénero. Que lectura ofrecería unha escultora deste tema? Nestes días celebráranse en Barcelona as *V Jornades de debat poètic*, organizadas e protagonizadas por "*Mujeres y Letras*". Estaría ben que as poetas (sibilas de hogano?, de sempre?), que as poetas participantes se achegaran á exposición. Tal vez do convivio nazan novos vaticinios para os tempos da lírica.

EXPOSICIÓN: *Temps de Sibil-Les*, de Josep Maria Camí

Espai VolART - *Fundació Vila Casas*

Ausias March, 22 (Barcelona)

Até o 18 e novembro

Horario: de martes a venres, de 17 a 20.30 h, sábado de 11 a 14 e de 17 a 20.30 h.

Foto: retallo de *Quantus Tremor est Futurus*, de Josep Maria Camí

Lito Caramés